

## **CRITERIOS PARA ADMISIÓN DE PROXECTOS DE TESES DE DOUTORAMENTO.**

En cumprimento da normativa vixente na Universidade de Vigo, os **proxectos de Teses de Doutoramento** deben ser propostas pola Comisión Académica (CA) correspondente ó Programa de Doutoramento no que estea matriculado o/a alumno/a.

En consecuencia, a CA do Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química pola Universidade de Vigo, establece os seguintes **requisitos, adicionais ós previstos na normativa da UVigo**:

1. Contar coa dirección de polo menos un dos profesores/as do programa de Doutoramento.
2. Contar cun tema de tese e un plan de traballo e de formación distribuídos temporalmente.
3. No caso de que o director/a sexa externo ó programa, deberá contar co aval dun profesor do programa. O director/a externo deberá cumprir cos requisitos esixidos para ser membro de tribunal de tese de doutoramento.

## **NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DE TESES DE DOUTORAMENTO.**

En ausencia dunha normativa específica da Universidade de Vigo que regule o desenvolvemento dos **proxectos de Teses de Doutoramento**, o Programa de Doutoramento de Enxeñaría Química asigna á súa comisión Académica (CA) as seguintes tarefas indispensables para o desenvolvemento dun programa de doutoramento transparente e de calidade:

1. A CA do programa de Doutoramento en Enxeñaría Química velará polo correcto desenvolvemento dos proxectos de tese aprobados pola mesma.
2. O alumno/a someterá anualmente (no mes de outubro) á CA un **informe da actividade** desenvolvida no ano escolar precedente, no que comentará o grao de cumprimento do plan de traballo e formación previamente establecido. Este informe incluírá, ademais, un plan de actividades futuras (investigación, formación e mobilidade). O informe estará avalado polo director/a da tese (ou do titor/a da mesma, no seu caso).
3. A CA do programa de Doutoramento en Enxeñaría Química avaliará os informes anuais de actividade e propondrá a/as modificacións que estime oportunas para o adecuado desenvolvemento da tese no marco temporal e de calidade establecido. A decisión será comunicada ó/á director/a da tese (ou do titor da mesma, no seu caso) quen se encargará de adopta-las medidas oportunas para o seu cumprimento.
4. A CA do programa de Doutoramento en Enxeñaría Química elaborará anualmente un análise do estado do programa de doutoramento no que se discutirán os resultados das avaliacións dos informes anuais de actividade e se marcarán as liñas de actuación no que respecta a formación de doutorandos, mobilidade e resultados.

## **CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DE TRIBUNAIS DE TESES DOUTORAIS**

En cumprimento da normativa vixente na Universidade de Vigo, as **comisións para xulga-las Teses** de Doutoramento deben ser propostas pola Comisión Académica (CA) correspondente ó Programa de Doutoramento no que estea matriculado o/a alumno/a.

En consecuencia, a CA do Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química pola Universidade de Vigo, establece os seguintes **requisitos, adicionais á condición de doutor**, para ser membro dunha comisión xulgadora:

1. No caso de profesores/as de universidade ou investigadores/as do CSIC, ter recoñecido polo menos un tramo de investigación (sexenio).
2. No caso de profesores/as ou investigadores/as de centros estranxeiros (públicos ou privados), acreditar unha traxectoria investigadora equivalente á requirida no apartado 1.
3. No caso de outros/as profesionais que desempeñen tarefas relacionadas co tema da tese, acreditar unha traxectoria investigadora equivalente á requirida no apartado 1.

En calquera caso, a traxectoria investigadora dos/as membros do tribunal deberá ter relación co tema da tese.

## **CRITERIOS DE ADMISIÓN DE TESIS DE DOUTORAMENTO.**

En cumprimento da normativa vixente na Universidade de Vigo, as Teses de Doutoramento deben obter a autorización da Comisión Académica (CA) correspondente ó Programa de Doutoramento en que estea matriculado o/a alumno/a para ser admitidas a trámite.

Para facilita-la labor da CA, establécense coma **guía** os seguintes **criterios de actuación** da Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química pola Universidade de Vigo. As Teses de doutoramento presentadas deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

### **1.- Relativo ó período de tese.**

- a) Que o/a autor/a da Tese de Doutoramento xustifique ter realizado un mínimo de dous anos de investigación.

### **2.- Relativo á formación do/a doutorando/a.**

- a) Que o/a autor/a da Tese de Doutoramento xustifique ter presentado un mínimo de dúas comunicacións a congresos nacionais ou unha internacional.
- b) Que o/a autor/a da Tese de Doutoramento xustifique ter realizado un mínimo de dous meses de estadía noutros centros (Soamente para autores/as que realizen o primeiro e segundo ciclo universitario na universidade de Vigo).

Débese entender cumprimentado o requisito 2 con unha calquera das opcións a ou b.

### **3.- Relativo á calidade da Tese de doutoramento.**

- a) Que o/a autor/a da Tese de Doutoramento xustifique ter publicado polo menos un artigo do seu traballo nunha revista SCI situada no primeiro terzo por índice de impacto, ou dous artigos de 2º ou 3º terzo.
- b) Que o/a autor/a da Tese de Doutoramento xustifique ter rexistrada unha patente.
- c) Que o/a autor/a da Tese de Doutoramento xustifique ter publicadas dúas contribucións en actas de congresos internacionais con proceso de revisión e ISBN.

Débese entender cumprimentado o requisito 3 con unha calquera das opcións a, b, c.

### **4.- Relativo ó/a director/a da Tese de doutoramento.**

Informe favorable do/a director/a da tese de doutoramento ó respecto dos ítems 1-3 anteriores e do grao de formación investigadora acadado polo/a doutorando/a.

O/A director/a da Tese de Doutoramento debe ter recoñecido un tramo de investigación (ou acreditar produción científica equivalente). No caso de codirección, polo menos un/a dos codirectores/as terá recoñecido polo menos un tramo de investigación.